# O Lanzal

Revista anual do CEIP "O POMBAL". Vigo

CURSO 2004 – 2005

# LETRAS GALEGAS






2005




Miguel O.P 6ºB

## SUMARIO


- Editorial....................................................................................................páx.2
- Traballamos con D. Quijote..........................................................................páx. 3
- Os nenos de Audición e Linguaxe facemos teatro.......................................páx. 4
- Los Balunis: @s nen@s de 3 anos estrénanse como espectadores .........páx.6
- @s de 3 anos na rede...................................................................................páx 8
- Talleres en E. Infantil: O Magosto...............................................................páx. 10
- @s de Infantil 5 anos A fomos de excursión................................................páx.16
- Os Balunis vistos pol@s de 5 anos B...........................................................páx. 18
- Pronto chegará a primavera.........................................................................páx.21
- It´s Spring Time...........................................................................................páx.23
- Autorretratos d@s nen@s de 1° A e 1° B.....................................................páx.26
- Así vemos ós nos@s profes de 1°.................................................................páx.28
- @s nen@s de 1° artistas por un día.............................................................páx. 29
- Eu sonvos Lorenzo Varela............................................................................páx. 32
- O Fado/a das..............LETRAS GALEGAS...................................................páx. 34
- Visitamos o Monte do Castro.......................................................................páx. 36
- As nosas receitas..........................................................................................páx. 37
- Pasatempos con H.C. Andersen....................................................................páx. 38
- A Semana da Prensa na clase de E. Física...... ............................................páx. 40
- Xogamos coa Carrapuchiña Vermella...........................................................páx. 44
- Polo País dos Contos.....................................................................................páx. 46
- Achegámonos ó mar. Visita ó Museo............................................................páx.47
- Traballamos coas noticias. Xornalistas no Pombal ......................................páx. 48
- Os nosos cómics.............................................................................................páx.50
- Corresponsalías: nos museos, na cidade, nas fábricas, no cine ...................páx. 52
- O Entroido no Pombal...................................................................................páx. 57
- Novos creadores: os nosos escritores...........................................................páx.61
- A catástrofe do Tsunami...............................................................................páx. 62
- Festividade de Santa Cecilia..........................................................................páx.64
- Concurso "Entre Nós": certame de música...................................................páx.65
- Escola de pais e nais: A Convivencia...........................................................páx.68
- O Libro das Estreliñas..................................................................................páx.70
- A A.N.P.A.,...hoxe, mañán?..........................................................................páx.71

# EDITORIAL

Aquí estamos, un ano máis, coa nosa revista escolar " **O LANZAL**".
Intentando que sexa unha porta aberta a tódalas experiencias da nosa vida escolar.

Nestas follas atoparemos moitas cousas: obradoiros de E. Infantil, poesias, adiviñas, receitas en inglés... e tamén traballos sobre LORENZO VARELA, o autor Galego ó que adicamos este ano 2005 o dia das letras galegas.

Por limitacións de espacio, tivemos que facer unha selección, tarefa esta que cada curso que pasa se nos fai máis complicada, debido á calidade, ó esforzo e ó interese posto en todos e cada un dos traballo presentados polos nosos alumn@s.

Tampouco debemos esquecer o labor d@s mestr@s , xa que a súa colaboración é fundamental para que a revista colla forma e poida ve-la luz.

O noso desexo é que este traballo colectivo sirva para estreitar mais, se cabe, os lazos de unión entre tódolos membros da nosa comunidade educativa ( pais/nais, alumn@s , profesorado....) e tamén para apreciar e valorar o traballo cotiá que co maior interese e dedicación desenvolvemos no dia a dia do colexio pombal.

Esperamos que vos guste e disfrutedes coa lectura da nosa revista.

Un saúdo

# TRABALLAMOS CON DON QUIJOTE

Os alumnos de 6º de Primaria que asisten a Clase de Apoio na Aula de Audición e Linguaxe, levaron a cabo unha serie de actividades relacionadas coa gran obra de Cervantes, "Aventuras y desventuras del Ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha.".
Presentan aquí unha pequena mostra do seu traballo: duas fichas elaboradas por eles, despois da lectura e cometario na clase, de dous capitulos de esta gran novela.

FICHA 1ª
CAPITULO III.- ONDE SE CONTA COMO
DON QUIJOTE FOI ARMADO CABALEIRO.

1º.- Que lle pediu don Quijote ao venteiro ?
2º.-Que lle respondeu o dono da venda ?
3º.-Por que puxo don Quijote as armas na pila?
4º.-Quen lle tirou as armas a don Quijote?
5º.-Por que don Quijote golpeou ô arrieiro na cabeza?
6º.-A quen nomeou cabaleiro o dono da venda?
7º.-Que opinas ti desta aventura?



(Gabriel Pardo Portela (6ºA))

FICHA 2ª
CAPITULO V DEL QUIJOTE
LA AVENTURA DE LOS MOLINOS:

1º¿Cómo tenia el don Quijote su cerebro?
a) Como un desierto b)Seco
c)Como el mar
2º Sancho Panza decía que los ---------------------------- eran solo --------------------------
3º¿Qué creia don quijote sobre los gigantes y los molinos?
4º¿Qué pasó con las armas de don Quijote?
5º¿Dónde sucedió esta aventura?
6º¿cuántos molinos eran?
a) 2 b) 40
c)1.000 c)100.000.000

(Julio Macenlle Pardellas (6ºB))

- Outra das actividades que se están levando a cabo nesta aula, e a preparación dunha obra teatral sobre un dos capitulos desta novela:A aventura dos muiños de vento para representar no festival de fin de curso.
- Nas dúas páxinas seguintes veremos nunha as fotografías de obras representadas o fin de curso pasado"Oia ,oia Camareiro" , e de Nadal : "A noite de reis ", e na outra os nenos actores opinan sobre a súa experiencia teatral.

Os nenos facemos teatro:





"Noite de reis"





"Oia, oia camareiro"



# COMENTARIOS OS DOS ACTORES

Para min o teatro é moi bonito por que mostra a vida das persoas.

Gabriel Andrés Pardo Portela 6º A



Aselino moi ben facer do teatro porque aprendin a non ser gruñon e malo. Tamén coñecín unhas rapazas moi bon gustaríame facer máis obras de teatro.

Omar Comesaña Regueiro 2º A

Eu quero facer teatro porque así divirto ós demáis persoas, e páso ben.



Aitor Perede Roja 2º B

¡Gustoume moito facer teatro! ¡E guai!

E na acarta.

Foi moi divertido.

Francisco A. Abalo Barciala 2º A




O que máis me gustou foi cando me pintaron a cara porque facía de rei Baltasar e vestironme con un traxe dourado. Divertinme moito.

Raniero Villar Soto 2º A

¡Arriba o pano!
¡Saíomos ás escea!
Esto foi o que pensei cando representamos a obra do comarcitos. Entón pensei: ¡Vamos a facer historia! A xente riu moito. Naquel momento decidín para min: "seré o futuro Jim Carrey"

Julio Macenlle Pardellas 6º B

Gustoume facer teatro porque fixen novos amigos e divertinme moito.

Diego Correa Martínez 2º A

# "LOS BALUNIS"

IMPRESIONES DE LOS NIÑOS Y NIÑAS DE 3 AÑOS



ME GUSTÓ LA

ME GUSTÓ LA LANPARA DEL CINE

# "LOS BALUNIS"



ANDRES






AINHOA



ESTAPE HDAPA

E I B E B O

OGVA

OEIO

MANUEL

IRENE

ESTAMOS EN EB ORDENADOR.

NOS GUSTA EL CONEJITO Y

LA BRUJA.

ES DIVERTIDO

(Transcripción del texto confeccionado por Manuel e Irene de 3 años



JUGAMOS EN EL ORDENADOR. LO PASAM MUY BIEN.
(escrito por Uxia y visto 3 AÑOS)

O ALUMNADO DE INFANTIL: 3,4 E 5 ANOS FIXERON TALLERES PARA CELEBRAR O MAGOSTO.
DESTE XEITO INTENTAMOS FOMENTAR ENTRE ELES A COLABORACIÓN ENTRE OS NENOS E NENAS DE DIFERENTES IDADES



TALLER DE COCIÑA:
ONDE PREPARARON FROITOS SECOS ,ZUMES,...





PREPARAMOS A MERENDA: PELAMOS MANISES,NOCES,ESCOLLEMOS UVAS,...E ¡ PROBAMOS O ZUME.! QUÉ RICO!!!









# TALLER DE CONTOS: ESCOITAMOS O CONTO DA CASTAÑA









# TALLER DE COLLARES: QUÈ GUAPOS ESTAMOS E QUE RICOS ESTÁN.







# TALLER DE PLÁSTICA







## ¡ E POR FIN A MERENDOLA !





# FOMOS DE EXCURSIÓN

## “O CURRUNCHO DAS 

”

A Asociación de veciños de Lavadores invitounos a actividade:

“O Curruncho das 

”

Contáronnos un 


e fiscemos un xogo moi divertido de

vestir a un



Con:



merendamos



xogamos á roda

e volvemos ó cole en



Excursión al cine de Caivanora:

La película de los "Balunis" fue muy divertida. Vivían en Borovilre y todos eran redondos como balones, menos uno llamado cuadrado que era malo y engañaba a los buenos Balunis.

Estos son algunos dibujos para que conozcáis a nuestros amigos:

KIMBERLEY DAVID LAURA M.
YELENIA RAÚL FRANCISCO
DOMINGO PABLO
BRUNO JONNY XIANA
ADRIEL SARA CARLA

Inf. 5B


este es Mi dibuyo
BRUNO

a vir la pelicula
de los Barunix
Este es mi dibujo




20

# PRONTO CHEGARÁ A PRIMAVERA!





Pronto chegará a florida Primavera.
As persoas alegraranse,
alegraranse de ver
a chegada da Primavera
Cando as plantas
mostran a súa felicidade?
Coa chegada da Primavera!
Porque como persoas
como animais,
como plantas
teñen a felicidade.
Pero o que na realidade se quere
non é soamente a nosa felicidade
senón a felicidade de todos/as.



Samuel Bernárdez Italiani
2ºA





It´s Spring time!

**April**, a month for books

*Books are my magic eyes!*




TELL ME A STORY! (Inf. 5 anos): THE LITTLE TIN SOLDIER



## OUR FAMILIES (3º)










## OUR BOOKS! (4º)



## OUR DESCRIPTIONS BOOK (3º)



# 4 Food and Health

## COOKING IN THE CLASSROOM (5º)








# 5 Films

## FAVOURITE FILMS (6º)




Name → Harry Potter
Type of film → an adventure film
It's ... great
Opinion → Very good ☆☆☆
It's about a school of magicians



# Somos de 1º A


1ºA
ADRIAN
Ivan F.
Helder
1ºA
Misael
1ºA
Alba E.
1ºA
David
Iria
1ºA
MARCOS
Laura
1ºA
Laura
B.M.
1ºA
1ºA
1ºA
Lucas
ALONSO
Iván
1ºA
1ºA
Alexander
Noel
1ºA
Nicolás


Somos 1ºB
IVAN.
MIRIAM Teresa
Gonzalez Lede
Anxo García caregal
Alba Lorenzo galeardo
DANIEL Gomez García
MARIA LAGE CARMUEJA
Samuel Vazquez García
MARCOS
Uxía Francisco Rial
Daniel Viña Posado
Antía Maceira
Jaime Martinez Costas


Os mestres de 1ºB
Rita
Rocio
Marilea
Montse
Juan pedro
María

# Os nen@s de 1º artistas por un día



O 17 de febreiro de 2005 fomos a Mañufe a gravar un C.D. O estudo chámase "Casa de tolos" e pasámolo pipa.



Na casa de tolos



Gravamos por grupos as duas cancións.

Os demais miraban e agardaban o seu turno.





# No xardín...



gravamos os dous bailes



merendamos e xogamos.

¡¡¡¡ÚLTIMAS E MOI BOAS NOVAS!!!!

**OS NENOS E NENAS DE 1º A e 1º B DO C.E.I.P. O POMBAL DE VIGO** CONVÉRTENSE EN ARTISTAS POR UN DÍA **GRABANDO DÚAS CANCIÓNS DO DISCO "MENIÑOS CANTORES"** QUE SAERÁ O VINDEIRO MES DE XUÑO. MOITOS PARABÉNS.


Eu sonvos Lorenzo Varela...
Nacín no mar camiño de Cuba.
La Navarra
De meniño fun á Arxentina.
Vin estudar á nosa terra.
Vivín entre Lugo e Monterroso.



Marchei a Madrid e empecei a escribir, pero axiña empezou unha terrible guerra.

Poema: Eramos tres irmáns
Poema: Primero de Mayo
Romance de Zurbano Ramos
Poema: Cantiga nova que se chama cadea
Poema. Emigrantes
Poema: Homenaxe Cativa a Valentín Paz Andrade
Catro poemas para catro grabados
Lonxe

Crucei de novo o Atlántico e fun escritor bilingüe.




Traballei, cos meus amigos, na industria da palabra.



A miña morte foi a finais de 1978.

Aproveitade as posibilidades que agora tedes.

¡Falade e vivide en galego!

17-05-05

LETRAS GALEGAS

5.º B

# O FADO/A DAS...

17 de maio!
Espertade, xa estou aquí!
Que as árbores se enchan de flores!



# LETRAS GALEGAS

Que os seus froitos aparezan!
Xesús Lorenzo Varela, un novo froito!
A súa semente frutificará en todos nós!



# Visita ó Monte do Castro

Oxoves 17 de Marzo os
rapace de 1º fomos de
excursion ó Monte do Castro.
Alí viron o escudo de Vigo, canóns,
o castelo coas súas garitas e o
parque.
¡Pasárono moi ben!



1ºB

Para facervo-la vida máis doce

¡Torta Sorpresa!

Na clase fixemos
unha receita de
cociña.
Como resultado foi
"Torta de queixo"



Que por certo estaba ¡boísima!

Modo de facela

Compoñentes

galletas
manteiga
iogurt natural
azucre
marmelada
e queixo de untar

1. Esmiuza-las galletas e misturala coa manteiga.
2. A mestura ponse nun molde.
3. Batense ben o iogurt co azucre e o queixo.
Logo ponse a mestura enriba da masa.
4. Métese no conxelador ata que estea ben fría.
Para rematar, adórnase coa marmelada.

Invitámosvos a poñela en practica

Pois.... ¡Mans á obra!



2ºB

# Le e colorea



O patiño feo

DOUSCENTOS

ANOS



O valente soldadiño de chumbo.



O último soño do vello carballo



O boneco de neve



O reiseñor



A sereiña

# DO NACEMENTO DE ...



O abeto



Hans Christian Andersen



Os zapatos vermellos





2º B

O caracol e a roseira

# Na semana da prensa en E.F. fixemos:



Xogamos coas palabras 5ºA

Primeiro collemos un xornal e o colocamos no peito.
Corremos moi rápido para que non se caia o xornal.
¡E xa está!



5ºB A semana da prensa

Para xogar puñémonos por parellas mixtas e tiñamos que desplazarnos pola pista colocando os pes soamente nas follas de xornal. Temos dúas follas por parella.
Gustoume o xogo, era divertido.



O río da poenza 4ºA

Para este xogo necesitaranse follas de xornal, é como un río e tes que pasar polas pedras, é dicir, por riba dos xornais. A profe vai dicindo como pasar: tres apoios, con catro, con un. Intenta xogar, e moi divertido



③º

No xogo puxemos unha folla de xornal na testa e as mans na espalda e iamos camiñando polo ximnasio lentamente para que a folla de xornal non se caera.
Gustoume moito.



O xogo da serpe 4ºB

O xogo da serpe consiste en: pegar 6 follas de xornal polas puntiñas, pon unha enriba da testa correr para que a serpe levante do chan. É moi divertido podes e xogar de un e de dous.



O xogo das bolas de xornal

Hai que facer bolas cás follas de xornal e lanzalas ó outro campo. Gaña o equipo que teña menos bolas no seu campo cando a mestra pite. Gustoume moito

2º



Neste xogo tiñamos dúas follas de xornal, unha en cada man e faciamos que eran ás de paxaro movendo os brazos.
E gustoume moito.

3º



4ºB

O xogo do faro

O xogo do faro consistía en poner unha bola, a bola iba encima dunha folla de xornal grande. A profe iba dicindo que facer se camiñabamos se nos arrodillabamos ou saltabamos, etc, pero sen que se caise. Moitas veces rompíase a folla ou caíase a bola. O xogo xogase en parella.

Ordea as ideas do conto e fai o debuxo correspondente.

# CARRAPUCHIÑA VERMELLA



| |
|---|
| Acouga Carrapuchiña! - dixo a avoa mentras os cazadores levábanse ó lobo. |
| Qué axilidade ten a vella! Non podo entreterme nin un intre máis - pensou o lobo |
| A avoa saíu, colleu un mazo e foi tras do lobo. Uns cazadores, ó escoita-los gritos foron na súa axuda. |
| ¡Para comerte mellor! gritou, e botouse enriba da Carrapuchiña para comela. |
| Bos días nenña ¿onde vas tí tan soíña? preguntoulle o lobo relamiéndose de gusto o velo. |
| Vou á casa da miña avoa está enferma, por iso lle levo esta cestiña con doce dixo Carrapuchiña. |
| Mentres, o lobo saíu correndo cara a casa da avoíña. Tiña un plan |

3º (A, B)

Carrapuchiña vai visita-la súa avoa enferma. A súa nai dille que non se pare polo camiño.

Colleu roupas da avoa e vestíunas. Meteuse na cama e esperou a que a nena chegara

Avoiña, que boca máis grande tes — díxolle a nena.
O lobo levantouse da cama.

Carrapuchiña non lle fixo caso a súa nai e parouse para recoller frores e xogar cos seus amigos.

Cando o lobo chegou a casa da velliña, díxolle que era Carrapuchiña.
Pasa, filliña — contestou a avoa.

Hola ¿Como estás? Mamá mandache un doce — dixo a nena — Gracias — contestou o lobo.

O lobo entrou. A velliña ó velo saltou da cama e agachouse no armario.



# Polo País dos Contos




Para poder avanzar a todo hai que responder.

3º (A, B)


LO QUE MAS ME
GUSTO DE ESTA SAlida
Fuerón los cuadros de Chelin
o museo do mar
O FARO
POMBAL
47
3º A, B
O Mouxco do mar

TRABALLAMOS COAS NOTICIAS NA SEMANA DA PRENSA. (3º) A, B

## Darán la vuelta al mundo **contra la pobreza**

**Eneko y Minuki tardarán diez años en recorrer con su bicicleta tándem más de 80 países**

Eneko Etxebarrieta, de 37 años, y Miyuki Okabe, de 33, han decidido divulgar por todo el globo terráqueo los Objetivos del Milenio que se ha marcado Naciones Unidas. Para ello, recorrerán más de 120.000 kilómetros en una bicicleta tándem. Sin duda, una experiencia inolvidable que les servirá, además, para conocer la cultura y las gentes de los más de 870 países que visitarán en este periplo que durará diez años.

### Un fotógrafo y una ingeniera

Eneko, de profesión fotógrafo y profesor, y Miyuki, ingeniera de Telecomunicaciones, iniciaron su particular odisea el pasado 12 de febrero en Vitoria, lugar en el que residen habitualmente, desde donde viajaron a Madrid y posteriormente a Lisboa. Allí tenían intención de coger el avión con destino a Tierra de Fuego (Argentina).

Entre los Objetivos del Milenio se encuentran: la erradicación de la pobreza extrema y el hambre; la igualdad entre hombres y mujeres; la escolarización primaria; reducir la mortalidad infantil y combatir el sida y otras enfermedades. ■



Eneko Etxebarrieta y Miyuki Okabe, junto a su bicicleta tándem.

FOTO: EFE

- ¿Quen é o protagonista? Eneko e Miyuki

- ¿Que acontece? Darán a volta ó mundo na súa bicicleta tándem para divulgar os obxectivos do milenio. Marcados por Nacións Unidas.

- ¿Cando acontece? Comezaron o día doce de febreiro, e percorrerán 870 países.

- ¿Onde acontece? En Vitoria.

- ¿Por que ou para que acontece? Para erradicar a pobreza e afame no mundo

SEMANA DA PRENSA 4ºA

## AS NOSAS NOTICIAS

### "O DÍA DA PAZ"

No Colexio C.E.I.P O Pombal houbo unha festa da "Paz". Cantaron todos. Logo de cantar todos leu un refrán a señorita; "Rosana García Rodríguez" é tamén outros máis. A clase 4ºA cantaron "A paz". E cando terminou a festa, puxéronse todos a bailar.




Carla 4ºA

# O SOL E A LÚA




CONCHI 4ºA

# As mozas e a gata por Xana 4ºA



# Museo do Mar



O dia 10 de Abril fomos ó Museo do Mar. A monitora chamabase Alicia dixonosque era unha boia. Alicia esplicounos que a boia flotaba e tamen dixo que as boias haínas de moitos cores: Azul, vermello, amarelo...

Dixonos que os fareros durmían nos faros. Como nos portamos ben, levounos ó faro do Museo do Mar e deixonolo ver. Despois de ver o faro volvemos ó museo pero antes todo se foron a coller conchas, caracolas, pedras...

Fomos xogar a praia con Alicia divirtímonos moito. Despois volvemos ó museo, levounos a ver uns cadros que nos gustaron moito todos eran de faros, algunhs se parecían a cousas e nós tíñamos que contestar.

Saímos a ría e vimos Cangas, as Illas Cíes, Moaña e por último dentro do museo fomos ver un castro.



4º B



# Viaxando pola cidade

Eu son Bussy, a mascota dos autobuses Vitrasa, e voubos mostrar como funcionan na cidade nosa.





Num principio os autobuses eran de cor azul, logo foron vermellos e a partir de 1995, no ano que nos nacemos, tornáronse de cor verde e branca.

Para levar a xente dun lugar a outro Maria, a monitora, díxonos que en Vitrasa tiñan cento dezaseis autobuses que percorren toda a cidade.



Van facendo paradas polo camiño e collendo xente. Tamén nos dixo que o ano pasado subiron o autobús máis de 20 millóns de persoas.

Debemos utilizar máis os autobuses para que non haxa tanta contaminación.

Vitrasa acaba de poñer un autobus chamado "Búho" que funciona durante os fins de semana para que os xobenes podan sai polas noites de marcha.



4ºB

# Visita ó Verbum

Fomos ó Verbum, o dezaoito de Marzo. O Verbum é a casa das palabras e atópase enfrente da praia de Samil. Antes de ir á casa das palabras, os meus compañeiros faláronme dela, de como é, que ten, que lles parecer...

Saímos da escola ás 11:00 coa intriga de que faríamos e esas cousas. Ó chegarmos fixemos dous grupos para explicar, porque eramos moitos. Eu, como nunca estivera alí, non sabía que había nin cómo o ía pasar.

Primeiro fomos a un lugar para dicir palabras só cunha vocal, facer frases só cunha vocal e dicir palabras con tódalas vocais (a, e, i, o, u).

Despois limos frases de esquerda a dereita e de dereita a esquerda e líanse igual dunha maneira ca da outra.

Tamén limos sinónimos e os seus antónimos.

Despois disto fomos a ver moitos refráns.

De seguido, despois dos refráns, estivemos vendo cousas por libre. Podíamos ir a donde quixeramos, pero sen facer ruído.

Por último, baixamos ó primeiro piso. Alí fixemos grupos de catro. Tiñamos que formar a palabra máis longa que puidesemos cunhas letras. Tamén cunha palabra formar outras desordenando as letras.

Cando rematamos volvemos ó colexio moi felices.

Os alumnos de 6ºA

Andrea e Alba




# Visitamos ALFAGEME




O día 22 de Novembro do 2004 visitamos ALFAGEME é unha fábrica de conservas en Vigo, conserva o atún.

O proceso e o seguinte:

Primeiro lavan os atúns, e se son moi grandes quitanlle a cabeza e as aletas.

Despois unhas señoras quítanlle as espiñas e a pel, e tíranas por uns buracos. Estes restos sirven para facer pienso. O atún ponse en caixas e unhas persoas, méteno nun conducto onde se enlatan. Gracias a unha máquina, e despois outra máquina póñenlle a tapa. A continuación ven a esterilización. As latas métense nunha especie de baño María, chamadas "autoclave" e así se eliminan as bacterias. As latas van por uns carris, e fan unha especie de percorrido, e aquí empaquétanse. O atún en lata distribuese por todo o mundo. As caixas están escritas no idioma o país que van, se van a China en chino. As súas marcas son "MIAU" e "EUREKA". A saída obsequiáronnos unha lata de atún en tomate.

Javier Lage — 5º A

# LAS MEJORES PELÍCULAS



Las mejores películas que os recomiendo son: las dos películas de Shrek, todas las peliculas que han salido de Harry Potter, la película de Ice Age: la edad de hielo, la pelicula de Mortadelo y Filemon y Los Increibles.



Paula Pereira Velicia

5º A

Recoméndovos unha película que se chama "Taxi derrape total". É de risa. A película trata de catro mulleres que van a atracar un banco e o atracan. Un policía como non sabía conducir pediulle a unha taxista que os perseguese a máxima velocidade. A taxista deulle a un botón e... Non vos conto máis. É a película que máis me gusta.

Claudio
5º A

## OS TURUTEIROS

De MARUXIÑOS tiñamos que ir,
Un disfraz puxémonos a construír

Somos os TURUTEIROS
E agora estamos de festa
Somos os TURUTEIROS,
¡Xa case somos orquestra!

Miramos e remiramos,
Remexemos, rebuscamos,
E no fondo dos armarios
Moitas cousas atopamos.

De MARUXIÑOS tiñamos que ir,
Un disfraz puxémonos a construír.

Pedímoslle á avoa e tamén á tía
Que buscasen sen parar.
Buscaron na casa, na aldea e na ría
E algo atoparon para desfilar.

Probamos o da avoa do "charlestón"
E tamén o de ye-yé da nosa tía.
Despois de probar un mogollón
A tía levounos á perruquería.

De MARUXIÑOS tiñamos que ir,
Un disfraz puxémonos a construír.

Saias, pantalóns
E moitos camisóns.
Todos para min
De MARUXIÑO vou ir.

Co traxe do meu avó
E zapatos con furados,
Xa teño o meu disfraz.
Quedoume que nin pintado.

De MARUXIÑOS tiñamos que ir,
Un disfraz puxémonos a construír.

De casa viremos
Vestidos de trapalleiros.
Vamos de TURUTEIROS
E os vestidos creados poremos.

Rematamos de bailar,
Rematamos de tocar,
E coas nosas turutas
Imos triunfar.

De MARUXIÑOS tiñamos que ir,
Un disfraz puxémonos a construír.

# 3º CICLO

# O ENTROIDO - 5º A



Este ano paseino moi ben no entroido.
Eu disfraceime con roupa antiga e os meus compañeiros tamén. Un ía de velliña, outro de nena, unha nena de executiva...
Os máis pequenos do colexio trouxeran comida para facer unha merendola e a nós tamén nos convidaron. Cando nos tocaba actuar, eu estaba moi nerviosa porque os de 4º curso actuaran coa mesma música, pero cando nos tocou a nós xa me calmei un pouco.
Despois puxeron música e bailamos moito. Meu pai fixonos fotos e fixo unha na que saíramos, Paula o director e mais eu.
En fin, paseino moi ben.

Nerea Antunes Pérez 5º A

## O entroido

Lorena nº 16

6ºA

Unhas semanas antes do entroido dixéronnos como tiñamos que ir disfrazados, era da época antiga. Nós quedamos un pouco sorprendidos. Unha das razóns era porque, o mellor, non atopabamos a roupa. Uns días despois a profesora de música, Cecilia, díxonos o que tiñamos que bailar e cantar e gustounos moito.
O día de entroido, algúns rapaces estaban disfrazados e outros non, pero da igual, foi moi bonito.
Os nenos de infantil fixérono moi ben, e os outros cursos tamén.
Pero o principal protagonista, e o máis gracioso, foi o Director porque estaba disfrazado de muller e sacaba os nenos a bailar.
Aínda que a min gustábanme máis os outros anos porque cada un ía disfrazado do que quería.
Por iso, a min gustaríame que nos próximos entroidos as mestras ou mestres se disfrazaran como queiran os rapaces e que actúen e bailen coma nós. E tamén eles poden decidir os nosos disfraces porque nós eliximos os seus. E así sería unha festa de entroido porque todos bailamos e todos nos disfrazamos. ¡¡Ata as mestras e mestres!!

O entroido en Venecia

Había unha vez no colexio Pombal , un director que decidiu que os nenos de 6ºA foran a Venecia. ¡Todos votamos a favor! ¡Iamos a Venecia a pasa-lo entroido! Collémo-lo primeiro avión dende Vigo ata Venecia (Italia). Ó chegarmos alí, dixemos todos nós:
- ¡Ben, xa chegamos!, ¡xa estamos aquí!
A profesora , algo preocupada , dixo:
-¡Imos ó noso hotel a poñe-los nosos fantásticos disfraces!
Todos estabamos emocionados cos disfraces e as bonitas máscaras. Ó anoitecer , as luces e as risas resoaban por toda Venecia , a música empezou a sonar e todos moi contentos empezamos a bailar ; ata os canles e as súas barcas (as góndolas) , estaban cheas de diversión ; ¡foi precioso, todos quedamos encantados! ¡¡seguro que para o ano que ven volvemos!!



(Lucía)



(Paula)

Paula y Lucía 6º A

# A lúa chea

A noite era fría e oscura , Marta ía camiñando polo "Camiño do campesiño'' e ,de repente , ve unha luz moi intensa e canto máis se achega a luz máis se alexa . Cando estaba no mellor do soño , cae o despertador sonando cun ruido ensordecedor. Marta despértase rapidamente e di asustada polo pesadelo que rematara de ter .

-Xa é hora de ir ó colxio .

Despois de estas palabras, sona o teléfono.

-Bos días ¿quen é? –di sorprendida

-Son eu ,Laura , non podo ir ó cole,teño que ir ó médico ; Avisa á mestra , por favor.

Marta cóntalle o soño e Laura fálalle da lenda que lle contaban de nena sobre a luz do camiño .

Laura propúxolle indagar e Marta, sen pensalo dúas veces,dixo que si.

Edespois dun ano de investigar, por fin Laura chega coas probas de que se trataba de algo tan sinxelo que as dúas botáron a rir ; ¡era a lúa que guiaba ó campsiño daquel vello camiño!

**FIN**

Iria e Alba
6ºA

# Cando o mar roxe

De súpeto, a auga do mar comeza a se retirar, coma se estivese baleiándose. ¡Todo o mundo sabe que se achega un tsunami!
Un tsunami é unha onda de dimensións xigantescas, que ademais ten un gran poder destrutor.
Cando hai un terremoto no fondo do mar nun primeiro momento fórmase unha onda. Non é demasiado alta pero é moi profunda. Seguidamente, a onda avanza polo mar a unha velocidade extraordinaria a 700 quilómetros por hora.
Máis tarde, chega preto da costa e a onda comeza a crecer desmesuradamente. Finalmente, este muro de auga xigante precipítase sobre a terra onde pode chegar a se internar ata 250 m. Ademais, cando parece que xa todo acabou, aínda chegan á costa máis ondas, que poden ser tan grandes ou máis cá primeira.



Sandra 5.º B






Fabiana 5°B

# FESTIVIDADE DE SANTA CECILIA

O día 22 de novembro de 2004 celebramos no noso cole a festividade de Santa Cecilia, patrona dos músicos. Esta santa morreu en Roma no ano 232 e aínda que o seu culto é moi antigo a súa historia é pouco coñecida. Soe ser representada tocando o órgano e cantando, rodeada de anxos.

Para esta ocasión preparamos con moita ilusión un Concerto Didáctico para todo o profesorado e alumnado do Colexio. Cada curso asistiu coa súa titora ou mestre correspondente á aula de música na hora previamente acordada. Cando ían entrando nesta aula entregouselles un programa coa relación dos músicos e as pezas musicais a interpretar.

Xóvenes promesas do Colexio interpretaron varias pezas musicais. o teclado, a frauta, o trombón, a gaita e o tamboril foron os instrumentos utilizados neste Concerto. Cada músico fixo unha presentación do instrumento que toca: nome, familia á que pertence, material co que está feito, partes que o forman,... A continuación tocaron algunha peza musical (clásicas, populares e incluso algunha banda sonora de película). Ó remate do Concerto o público asistente fixo preguntas sobre os instrumentos que escoitaron e algúns deles poideron tocalos.

As mestras de Educación Musical.





# "CONCURSO ENTRE NÓS"

Hai un mes os nenos de 6° B participamos non certame de música.
A obra que interpretamos chámase "A Cantiga de Santa María". Nº 100, unha das 400 cantigas recopiladas por Alfonso X "El Sabio", rei de Castela.

O instrumental foi:
- Vento madeira. (Gaita e frautas)
- Placas (Baixos, metalófonos e carillóns)
- Voces

A letra da canción trata sobre o galego, que non hai que perdelo, composta por Cecilia González Coto.
A gravación foi moi divertida, houbo varias tomas falsas, ainda que non puidemos gravalas.
Pasámolo moi ben e gustaríanos facer outra.

Fin

¡¡¡¡ÚLTIMAS E MOI BOAS NOVAS!!!!

OS ALUMNOS E ALUMNAS DE 6º B DO C.E.I.P. O POMBAL DE VIGO ENTRE OS 12 CENTROS DE PRIMARIA SELECCIONADOS NO CERTAME DE MÚSICA PARA A FINAL PROVINCIAL E AUTONÓMICA DO CONCURSO ENTRE NÓS QUE SE CELEBRARÁ O VINDEIRO 12 DE MAIO EN LALÍN.

ENHORABOA.

6° B

# Opinións

"Eu opino que a actividade era moi interesante, xa que aprendemos moita música. Gustoume moito o da gravación, pero gustaríame máis se fora a clase máis espaciosa e se oíra mellor no vídeo."

ALFONSO X "ELSABIO"





"A miña opinión é que sería máis divertida se non tocáramos música tan antiga, se tocáramos polo menos un pouco de música rock, e que a gaita tocara as melodías máis rápidas, eu penso que sería máis divertido."





"Creo que esta actividade foi moi divertida, seguramente a todos os da clase gustoulle moito, aínda que cunhos temas folsos moi divertidos quedarían moi ben."



6ºB

"Eu opino que foi moi boa idea. Gustoume moito porque foi moi divertida e entretida. Para mellorala gravación faría tomas falsas o final".



"Eu creo que a actividade foi moi divertida aínda que non fixemos tomas falsas e tamén porque toquei o instrumento que eu quería".




"A miña opinión é que foi unha actividade moi, moi divertida aínda que sería moito máis divertida se tocasemos música máis moderna".

6°B

# "ESCOLA DE PAIS E NAIS"

## A Convivencia.

Equivale a vivir con, a relacionarse con outros. As relacions poden ser múltiples;entre esposos, pais e fillos, avos, veciños,compañeiros, etc.

Para que esas relacions poidan chamarse con propiedade VIDA, requiren certas condicions e piden o exercicio de cualidades entre as que son de suliñar: humildade, tolerancia, solidaridade, paciencia, comprensión, xenerosidade, saber dialogar. . .

Necesitámonos uns dos otros, complementámonos, de ahí que debamos todos esforzármonos en crear unha atmósfera agradable. "A meirande parte das liortas domésticas e casi todas as sociais, veñen da falta de vontade para facermos grata a convivencia.(Carmen Conde de la R.A.L).

A descortesía pode ser a causa de discusions e insultos que deixan amargura nos espíritus.E necesario formar de xeito axeitado ós nenos na familia e na escola, para que podan resistir a nefasta influencia da calle e dos medios de comunicación.

O diálogo mellora a convivencia, moitos prexuicios e sospeitas desvanécense cando ten lugar o diálogo sereno."Si queres falar a alguén, empeza a abrir os ouidos" (J.Joubert)

O diálogo pide saber escoitar ó outro,sen interrupcións,a precipitación e a impaciencia desbaratan a conversación.

Tendemos a suliñar os defectos das persoas,cando debira ser o revés, fixarmonos mais nas cualidades "Saber mirar o lado bo é poseer mirada limpa, corazón xeneroso e alma grande".(J.M.Alimbar).

Saber sorrir. "Si pensas abrir unha tenda, aprende primeiro a sorrir".(proverbio chino).Dar un sorriso non costa nada e pode axudar moito ó outro.Non empobrece a quen o da, e enriquece a quen o recibe, dura pouco, pero pode permanecer no recordo toda unha vida.

Un sorriso pode aliviar unha pena, repoñer forzas, ofrecer ánimo e consolo.

Dicese das pequenas atencions que nos detalles é onde se sirve o mellor da vida e que neles móstrase uno tal como é, e dicese tamen que non existen vidas felices,senon momentos,horas de felicidade. Un pequeno detalle pode quentar o corazón,significar paz e proporcionar ledicia. As pequenas atencions poden ser signo de aprecio, educación, amor, bondade e sensibilidade.

**Algunhas suxerencias para crear convivencia.**

1.- Non avergonzar a ninguén e moito menos en público.

2.-Non mortificar con ocurrencias ou xenialidades.A humillación non se esquece.

3.-Actuar con xustiza e, mellor aun si se engade cordialidade.

4.-Non deisarse levar por impaciencias, nerviosismos nin egoismos.

5.-Non cortar as ás da ilusión a colaboradores, amigos ou familiares. A esperanza e a ilusión alegran e dan ánimos.

6.-Sé respetuoso cos outros.Non falsees a verdade. Non ofendas de palabra nin de ningun xeito.

7.-Acolle cun sorriso a quen se te achega. Pode traer satisfaccions e recompensas inesperadas.

8.- E preciso ser estable nas emocions: non pasar dos gritos ós afagos.

9.-Interésate por quen vai preocupado e triste o teu lado, co máximo respeto a súa intimidade.

10.-Para triunfar é preciso saber escoitar, ser paciente, conmedido ó falar e porse ó lado do outro.

Estas suxerencias, non son santas, pero poden facer o milagre de crear un ambiente sosegado e alegre onde nacen relacions agradables. Asi a vida poderáse chamar VIDA con propiedade.

Mª Graciela Coello
Orientadora

Vigo Abril de 2005



O LIBRO DAS ESTRELIÑAS

Este libriño fíxose coa colaboración de toda a comunidade Educativa do CEIP " O POMBAL". A todos eles e elas vai dirixido.



AUTORES DAS IMAXES: Pais/nais en colaboración cos seus fillos.(Manualidades fotografiadas)

TEXTOS: Alumnado en colaboración coas súas titoras, ANPA, Equipo Directivo, e nosa benquerida e boa literata RAQUEL (mestra xubilada).

EDITADO POR: Edicións *"O Pombal"*

EDICIÓN DE LUXO: único exemplar

ANO DE EDICIÓN: 2005

Lugar: Vigo

©coyright CEIP "O POMBAL"

# A ANPA, ... , HOXE, MAÑÁN?

Una vez más, y ya van unas cuantas, nos acercamos al final del curso académico en el Colegio de nuestros hijos. La ANPA os desea a todos que paséis las mejores vacaciones posibles, y que al volver el próximo curso lo hagamos todos con las mayores energías y ganas de trabajar. Para aquellos que han terminado su ciclo aquí, felicitaciones y mucha suerte en los próximos estudios.

Qué es la ANPA? La ANPA (**A**sociación de **N**ais e **P**ais de **A**lumnos) es una asociación que funciona desde hace muchos años, y que agrupa a aquellos padres / madres de alumnos del Colegio de O Pombal que desean participar en las actividades de la misma. Está asociada a las asociaciones de los restantes colegios públicos de Vigo a través de FOAMPAS. En este curso formaron parte de la misma alrededor de cien padres y / o madres.

Qué hace la ANPA?. La misión fundamental para la que se creo la ANPA fue la de colaborar con el Colegio (Dirección, Profesores, etc.) en el desarrollo de actividades extraescolares que potenciaran la formación de los estudiantes del Colegio. Posteriormente amplió sus campos de actuación y ahora, además de la planificación y gestión de las actividades (piscina, cerámica, pintura, etc.) se encarga de la gestión del comedor del centro, participa como tal en el Consejo Escolar a través de su Presidente y sirve de intermediario, cuando así se la requiere, entre los padres / madres y la dirección del Colegio. Además colabora en la organización de las fiestas del Colegio (navidades, magosto, fin de curso, ...)

Que problemas tiene la ANPA?. Tres fundamentales: falta de espacios, falta de medios económicos, y falta de participación.

Como todos sabéis el Colegio es limitado en cuanto a espacio, por lo que la parte que disponible para actividades es también pequeña. Esto es especialmente grave en el caso del comedor, donde se ha pasado de una media de treinta personas a más de cincuenta en muchos días de este curso; la previsión para el próximo año es todavía peor. Se está buscando una solución entre el Concello, el Colegio y la ANPA, que esperamos cristalice en el próximo curso. Respecto a la economía, el dinero disponible para este año es del orden de mil euros, que tiene que llegar para pagar los juegos para después del comedor, organizar la decoración de las fiestas y colaborar en los regalos que, al final del primer trimestre, se hacen para las diferentes aulas.

Pero el problema fundamental es el de la falta de participación: de los más de cien padres / madres que forman la asociación, colaboran en las distintas actividades no más de media docena, gastando muchas horas de su trabajo y tiempo libre. Además, algunas de ellas dejan el Colegio al final de este curso y prácticamente todo el resto al final del próximo, con lo que no habrá gente suficiente para cubrir mínimamente las actividades, en especial el comedor. Si no hay ayuda pronto, el ANPA tendrá que cerrar, lo que llevará a cambios muy importantes en la organización del Colegio: desaparecerá el comedor, no habrá actividades, se volverá posiblemente a la jornada partida, etc. El que esto no suceda depende de TODOS, pero depende YA: no podemos demorarlo ni un día más.

COLEXIO PUBLICO POMBAL

Educármonos na Libertade para a Paz